

## **PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

**C.P.R. Plurilingüe Fundación Educativa Torre de Lemos**

**Código de centro 27007211**



## ÍNDICE

### **1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO**

- 1.1. Nome do Centro e data de constitución**
- 1.2. Código do Centro**
- 1.3. Domicilio e contacto**
- 1.4. Titularidade**
- 1.5. Financiamento**
- 1.6. Profesorado**

### **2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR**

- 2.1. Análise do contexto do centro e da súa traxectoria**
- 2.2. Características do alumnado e análise socioeconómico e cultural das familias**
- 2.3. Análise das necesidades educativas a partir dos resultados da aprendizaxe do alumnado**
- 2.4. Atención á diversidade**
- 2.5. Práctica educativa global do centro e da organización do mesmo**

### **3. IDENTIDADE DO CENTRO: MISIÓN, VISIÓN E VALORES**

- 3.1. Principios orientadores do centro para a elaboración do PEC**

### **4. OBXECTIVOS BÁSICOS**

- 4.1. Bloque 1. Educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa**
- 4.2. Bloque 2. Cambio metodolóxico**
- 4.3. Bloque 3. Educación emocional**
- 4.4. Bloque 4. Convivencia**

## **5. OFERTA EDUCATIVA**

- 5.1. Información xeral sobre a oferta educativa**
- 5.2. Liña pedagóxica**
- 5.3. Metodoloxía**
- 5.4. Concepto e uso da avaliación**
- 5.5. Obxectivos curriculares**
- 5.6. Servizos do centro**
- 5.7. Proxectos e plans**
- 5.8. Directrices xerais de funcionamento**

## **6. ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

- 6.1. Organización, funcionamento e xestión do centro**
- 6.2. Organización de espazos e recursos materiais**
- 6.3. Modelo de participación**
- 6.4. Plan de convivencia**
- 6.5. Normas de organización, funcionamento e convivencia**
- 6.6. Plan de igualdade**
- 6.7. Plan de autoprotección**

## **7. XESTIÓN ECONÓMICA**

- 7.1. Recursos educativos dos que dispón o centro**
- 7.2. Proxecto de xestión económica.**
- 7.3. Plan de acción para a obtención de recursos**

## **7. VIXENCIA E MANTEMENTO DO PEC**

### **1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO**

### **1.1. Nome do Centro e data de constitución**

O CPR. Plurilingüe Fundación Educativa Torre de Lemos, foi constituído o día oito de abril de 2008 en Monforte de Lemos, provincia de Lugo.

### **1.2. Código do Centro**

Código de centro 27007211.

### **1.3. Domicilio e contacto**

Rúa de Santo Domingo S/N, 27400, Monforte de Lemos, Lugo.

Teléfono: 982 400 350, 664713105

Fax: 982 401 516

e-mail: [cpr.fundacion.educativa.torre.lemos@edu.xunta.es](mailto:cpr.fundacion.educativa.torre.lemos@edu.xunta.es)

web: [www.torredelemos.com](http://www.torredelemos.com)

### **1.4. Titularidade**

A Titularidade do Centro corresponde á Fundación Educativa Torre de Lemos que, unha vez constituída e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxección ao establecido no ordenamento xurídico e nos seus Estatutos.

O órgano de decisión e goberno da Fundación é o Padroado, que está integrado na súa totalidade por profesores do centro, tal e como se recolle nos seus Estatutos e a representación xeral da Institución corresponde ao seu Presidente.

### **1.5. Financiamento**

A fundación Educativa é un centro de ensino concertado financiado con fondos públicos de acordo co establecido na Orde de 12 de agosto de 2011 (DOG do 19) pola que se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial e ciclos formativos de grao medio e superior.

Tamén recibe aportacións feitas na forma de doazóns á entidade sen ánimo de lucro que é por natureza, colaboracións doutras institucións tanto públicas como privadas e subvencións en distintos ámbitos de actuación dependentes doutros organismos.

### **1.6. Profesorado**

No centro traballan 24 docentes distribuídos nas distintas etapas, dos cales dez son mestres e catorce licenciados en distintas especialidades.

En canto á distribución por sexos, dezanove son mulleres e cinco homes e a idade media do Equipo Docente é de 37 anos.

Outro dato a destacar é que un 70% dos docentes posúe o grao de competencia lingüística en lingua estranxeira necesario para impartir ensino bilingüe/plurilingüe e os restantes nunha porcentaxe moi elevada, atópanse en proceso de adquisición da mesma.

## **2. ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR**

### **2.1. Análise do contexto do centro e da súa traxectoria**

Monforte de Lemos é unha pequena cidade e municipio galego situado no sur da provincia de Lugo. É a capital da comarca da Terra de Lemos e da Ribeira Sacra.

Gozou de gran esplendor nos séculos XVI e XVII cando o VII Conde de Lemos ocupou importantes cargos na corte (Presidente do Consello de Indias,

Virrei de Nápoles e Presidente do Consello Supremo de Italia). Este Conde, ademais, foi mecenas dos grandes literarios coma Cervantes, Lope de Vega, Quevedo ou Góngora. O maior legado do Conde á cidade foi a doazón da súa colección privada de arte sacro español e italiano que conforma, hoxe en día, o Museo de Arte Sacro das Madres Clarisas, un dos máis importantes de España.

A finais do século XIX, en 1883, o rei Alfonso XII inaugura a liña férrea Madrid - A Coruña, liña que converte á capital de Lemos nun importante nó ferroviario.

A chegada do ferrocarril marca unha época de crecemento en aspectos sociais e económicos. Monforte contará con numerosas asociacións e colectivos de mercado carácter político e sindical e converterase nunha cidade próspera e moi activa. A mediados do século XX este motor de vida que foi o ferrocarril foi pouco a pouco desmantelado; o seu nó ferroviario, xunto co posto de mando, foron trasladados a Ourense e a maior parte dos talleres Ferroviarios, considerados os máis importantes de Galicia, trasladáronse a León. Comezou polo tanto unha era de decadencia económica.

Por todo o anterior, a cidade de Monforte deixou atrás ese esplendor que a caracterizou, pasando a ser unha cidade de servizos que recibiu nos últimos anos numerosa poboación foránea, procedente sobre todo de países do leste de Europa e sudamericanos. Ao mesmo tempo, o declive da poboación autóctona, debido á baixa natalidade existente e a escaseza da industria, condicionan o desenvolvemento da localidade e propician o avellentamento dos seus habitantes, aspecto con repercusión directa no ámbito escolar.

A Fundación Educativa Torre de Lemos sitúase no centro de Monforte, concretamente, no barrio xudeu da vila que se ergue na parte alta da cidade, por debaixo do complexo monumental de San Vicente e ao carón da Igrexa da Régoa. É unha zona turística pero pouco poboada, de vivendas maioritariamente unifamiliares, moitas delas deshabitadas na actualidade debido ao desprazamento da poboación cara rúas con vivendas de nova creación. Trátase dun barrio de poboación cun nivel medio ao que se accede por rúas estreitas e empinadas que conducen ao colexio de camiño cara o Castelo San Vicente convertido hoxe en Parador de Turismo.

Con todo, e pese á súa localización privilexiada, nun contorno de gran riqueza histórica e paisaxística, non existiu nos últimos tempos vontade para

rehabilitar ou mesmo manter nun estado de conservación axeitado, nin as edificacións nin os accesos á zona, aspecto que dificulta o acceso cómodo ao colexio e ás súas inmediacións.

O centro educativo mantén relacións de colaboración con outras entidades coma o propio Concello, Asociación Auxilia, clubs deportivos e outras. A relación con estas entidades é boa e son necesarias para dar presenza ao colexio na comarca, ben mediante a realización de actividades conxuntas, participación en concursos ou difusión de información, entre outras.

## **2.2. Características do alumnado e análise socioeconómico e cultural das familias**

O número de alumnos/as situaríase arredor dos **260 rapaces e rapazas**, distribuídos en tres grupos de Educación Infantil, seis de Educación Primaria e catro grupos da ESO.

Os lugares de procedencia do alumnado son maioritariamente da comarca de Monforte e arredores, vivindo a maioría no núcleo urbano. Tamén é certo que hai alumnado doutras localidades limítrofes, mesmo pertencentes a outros concellos. En torno ao **15%** do alumnado proveñen de países estranxeiros, entre os que destacan os países sudamericanos e Marrocos.

A realidade lingüística do alumnado é que maioritariamente fala **castelán**, empregándoo como instrumento diario de comunicación, sendo o coñecemento da lingua galega inferior ao esperado. En relación ao alumnado estranxeiro, practicamente todos posúen un dominio claro do castelán, pero non da lingua galega, onde os problemas de comprensión oral e expresión escrita fan indispensable a adopción de medidas especiais que os axuden a superar esta situación.

O **nivel socioeconómico e cultural do alumnado** do centro situaríase nos seguintes valores aproximados:

- O **62,5%** do alumnado situaríase nun **nivel medio**
- O **25%** do alumnado situaríase nun **nivel medio-baixo**
- O **12,5%** do alumnado situaríase nun **nivel medio-alto**

Polo tanto, a realidade socioeconómica e cultural maioritaria do alumnado situaríase nun nivel medio.

Entre as familias do alumnado, que posúen unha **formación académica** entre **medio-alta** e **básica**, abundan as profesións pertencentes ao sector servizos, especialmente ao pequeno comercio local, profesións liberais e funcionarios. Tamén hai numerosas familias de procedencia estranxeira que se ocupan en traballos relacionados co coidado de persoas maiores ou servizo doméstico.

Predominan as familias nas que conviven os pais cun ou dous fillos, pero tamén hai familias monoparentais e algunhas desestruturadas por diversos motivos.

En canto ás familias de procedencia estranxeira, soe ser frecuente que nelas non sempre convivan todos os membros da unidade familiar debido, sobre todo, a cuestións laborais e culturais.

En xeral, pódese dicir que as **familias valoran** e **apoian** as propostas que se fan dende o centro, e a súa **colaboración** e **participación** adoita ser **boa** e **constante** na maior parte dos casos.

### **2.3. Análise das necesidades educativas a partir dos resultados de aprendizaxe do alumnado**

Os **resultados medios** do alumnado nas diferentes materias situaríanse entre niveis bos en torno a un 40% e aceptables arredor do 60%.

A **taxa de repetición** ou non promoción sitúase tamén nun nivel baixo non superando o 5%.

O **nivel de convivencia** no centro sitúase entre os niveis bo (94%) e aceptable (6%).

Con respecto ás **prácticas de aula**, poden definirse nos seguintes termos:

- Contextualizada e transversal.
- Manipulativa e experimental.
- Que utiliza o xogo organizado e contextualizado como ferramenta de aprendizaxe nas primeiras idades.

- Que traballa os valores fundamentais e a xestión emocional.
- Que utiliza distintos materiais como ferramentas de traballo diario (libros de texto, materiais de elaboración propia e en soporte dixital).
- Que traballa por lograr unha rutina de traballo do alumnado.
- Que considera ao alumno protagonista da súa aprendizaxe.
- Práctica e participativa.
- Individualizada e atenta ás necesidades de cada alumno.
- Que emprega as Tics como instrumento de traballo nas aulas.
- Entregada ao respecto pola natureza e o medio ambiente.
- Consciente da importancia de manter hábitos saudables de alimentación, hixiene e práctica deportiva.

Entendemos a **avaliación** coma:

- Proceso continuo que comeza o primeiro día que o alumno entra na aula e remata o último que permanece nela.
- Formativa, xa que nos orienta cara ao traballo a desenvolver na aula en base ás dificultades detectadas e aos resultados que produce.
- Progresiva e centrada en coñecer o grado de adquisición das competencias por parte do alumnado valorando a súa capacidade para afrontar e resolver situacións reais e variadas.
- Necesaria para mellorar a calidade do ensino.
- Obxectiva.

As **ferramentas de avaliación** que soe utilizar o profesorado co seu alumnado son as seguintes:

- Observación directa, individual e colectiva.
- Probas orais, escritas e prácticas.
- Traballos monográficos.
- Cadernos de resolución de tarefas.
- Actividades na aula e na casa.
- Grao de motivación, implicación e interese do alumnado.
- Actitude cara ás materias e comportamento.
- Esfuerzo e progresión realizada en cada materia.

- Grao de adquisición dos valores fundamentais, das competencias e dos obxectivos establecidos.
- Relacións sociais e resolución de problemas.

#### 2.4. Atención á diversidade

O centro conta con varias aulas de apoio con profesorado especializado que desenvolve o seu labor en coordinación co profesorado da aula e o Departamento de Orientación.

A atención á diversidade que se realiza concrétase en:

- Detección e atención temperá de dificultades de aprendizaxe.
- Apoio dentro e fóra da aula.
- Avaliación individualizada adaptada ás necesidades de cada alumno.

#### 2.5. Práctica educativa global do centro e da organización do mesmo

**A metodoloxía xeral do colexio** podería definirse nos seguintes termos:

- Metodoloxía activa e participativa con predominio de actividades colaborativas que parten de situacións reais en busca de solución.
- Innovadora e tecnolóxica, que se sirve das novas tecnoloxías como ferramenta de traballo diaria.
- Que busca o desenvolvemento integral do alumnado.
- Comprometida coa detección temperá de dificultades de aprendizaxe.
- Comprometida coa aprendizaxe das linguas estranxeiras e o manexo das Tic.
- Aberta á incorporación de prácticas docentes activas e eficaces.
- Próxima, comunicativa e respectuosa co alumnado e coas familias.
- En constante proceso de revisión e adaptación ás novas necesidades que vaian xurdindo.

Respecto dos **espazos de participación** dos diferentes axentes da comunidade na vida escolar pódense sinalar os seguintes:

➤ Respecto do alumnado

Participación en todas as actividades organizadas polo centro; relación diaria co profesorado, delegados/as ou representantes do curso; actividades deportivas; excursións; actividades extraescolares e complementarias; participación en certames propios ou pertencentes a entidades externas de diversa natureza; participación en actividades solidarias, culturais, tradicionais, festivas, formativas ou de divulgación, etc.

➤ Respecto do profesorado

Organización e participación en todas as actividades do centro dentro do horario lectivo, así coma en actividades complementarias (saídas culturais, obradoiros, excursións, certames, proxectos, custodias, actividades extraescolares, e de formación.

➤ Respecto das familias

Participación mediante a ANPA e o Consello Escolar; relación cos/as titores/as e co Equipo Directivo; participación en diversas actividades organizadas no centro (festas, excursións, celebracións, competicións deportivas, etc.).

Finalmente, o **clima de convivencia xeral do centro** podería definirse como bo en relación a todos os sectores que conforman a comunidade escolar. En ocasións puntuais xorden problemas de relación e convivencia entre alumnos que se resollen de acordo coa lei de convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF).

O clima de convivencia está baseado no respecto e na comunicación familia-escola. Entre o alumnado das distintas etapas tamén hai un bo trato.

### **3. IDENTIDADE DO CENTRO: MISIÓN, VISIÓN E VALORES**

#### **3.1. Principios orientadores do centro para elaboración do PEC**

1. Educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa (igualdade de oportunidades).
2. Educación de calidade e innovadora (plurilingüe).
3. Enraizada no contorno, ao servizo da sociedade, participativa, solidaria e comprometida.
4. Que fomenta a colaboración e cooperación de todos os membros da Comunidade Escolar: profesorado, alumnado e familias.
5. Que aposta polo desenvolvemento integral da persoa a través da educación emocional.
6. Respectuosa co alumnado, protagonista da súa aprendizaxe.
7. Atenta coa diversidade do alumnado e coa integración e inclusión de todos eles nun ámbito no que todos somos iguais.
8. Que loita polos valores básicos dunha convivencia democrática baseada nos dereitos de cada persoa e tamén nas súas obrigas.
9. Volcada no tratamento dos valores (respecto, xustiza, igualdade, tolerancia, responsabilidade como capacidade para responder dos propios actos...).
10. Que loita polo respecto á liberdade dos demais (forma de pensar, actuar e opinar).
11. Que fomenta a tolerancia e o respecto ante as diferencias (ideolóxicas, relixiosas, étnicas, de procedencia...).
12. Que fomenta o respecto ao contorno social, cultural e natural.
13. Que loita pola prevención dos conflitos e a súa resolución pacífica.
14. Comprometida coa xeración dun clima de convivencia axeitado.
15. Autónoma, tanto no ámbito curricular coma organizativo, apostando pola competencia do persoal docente.
16. Partícipe dunha metodoloxía que estimula o emprendemento e a iniciativa, estimula a creatividade e fomenta a colaboración entre iguais e o traballo en equipo.
17. Que estimula o espírito crítico necesario para que sexan capaces de pensar por si mesmos, acuriosidade e o rigor científico.
18. Que potencia o esforzo persoal e grupal.
19. Que estimula a autoxestión do alumnado na medida das súas posibilidades e da súa idade.

20. Sostible, ecolóxica e defensora de hábitos saudables e de respecto cara ó medio ambiente e á natureza.
21. Que fomenta as actividades deportivas para adquirir valores e crear sentido de pertenza ao centro.
22. Que estimula a pertenza ao grupo e a identidade coma colexio.

#### **4. OBXECTIVOS BÁSICOS**

Os obxectivos presentaranse neste apartado facendo alusión a catro grandes bloques, e que son os seguintes:

##### **4.1. Bloque 1. Educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa**

1. Potenciar a educación plural, que inclúa e propugne a igualdade do noso alumnado de xeito equitativo, aportando a cada alumno e alumna o que precise en cada momento.
2. Potenciar o seguimento individualizado de cada alumno e alumna coma estratexia prioritaria de calquera intervención.
3. Dar prioridade ás propostas educativas que teñan como eixo central a inclusión real de todos os alumnos e alumnas.
4. Realizar unha aposta clara pola detección temperá e o tratamento das necesidades educativas especiais que presente o alumnado en cada momento.
5. Facilitar a integración, dirixindo os esforzos necesarios á atención á diversidade de todo o alumnado, especialmente daquel que poida presentar dificultades na súa evolución persoal e escolar.

##### **4.2. Bloque 2. Cambio metodolóxico**

6. Levar a cabo un cambio metodolóxico do centro, orientado ao fomento do uso das metodoloxías activas.
7. Impulsar a formación permanente do profesorado coma indicador dunha educación de calidade e innovadoratendo en conta as necesidades, os obxectivos e os recursos dispoñibles en cada momento.

8. Reformular a avaliación coma un proceso planificado, sistemático, que posibilita a obtención de información relevante, obxectiva, de maneira continua, sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe para a súa análise e valoración, servindo de soporte na toma de decisións.
9. Dar á avaliación un carácter progresivo, formativo e continuo no que a toma de decisións estea orientada á mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe e á axuda na detección de necesidades, ao diagnóstico e á reorientación de todo o proceso.
10. Desenvolver estratexias de autoavaliación para favorecer a motivación do alumnado, axudándolle a sentirse protagonista da súa aprendizaxe, capacitándoo para aprender a aprender e para desenvolver a súa autonomía, espírito crítico e iniciativa persoal.
11. Fomentar o uso de estratexias e recursos variados na avaliación que favorezan a resposta e a atención á diversidade.
12. Fomentar o traballo en equipo, colaborador e cooperativo entre o alumnado.
13. Estimular o emprendemento, a creatividade, a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado mediante o desenvolvemento de proxectos que partan dos seus intereses persoais.
14. Capacitar ao alumnado para que, de forma libre e responsable, poida tomar decisións persoais, desenvolvendo e exercendo á vez o seu sentido crítico.

#### **4.3. Bloque 3. Educación emocional**

15. Potenciar o desenvolvemento emocional dos alumnos e alumnas traballando habilidades que lles permitan medrar como persoas e establecer relacións interpersoais positivas.

#### **4.4. Bloque 4. Convivencia**

16. Favorecer un clima de tolerancia e respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa, resolvendo os conflitos mediante o diálogo e a participación responsable.

## 5. OFERTA EDUCATIVA

### 5.1. Información xeral sobre a oferta educativa

No centro impártense as ensinanzas correspondentes ás tres etapas educativas:

- Educación Infantil: 3 unidades
- Educación Primaria: 6 unidades
- Educación Secundaria: 4 unidades

Ofertamos unha formación académica seria e responsable do alumnado que aporta o coñecemento necesario para saber valerse por si mesmo en relación coa sociedade, a contorna e o tempo en que lle toque vivir. Isto explica a importancia que se concede á formación en linguas estranxeiras, preferentemente en inglés e francés, dende o comezo da escolarización no centro.

Ademais, aportamos un tratamento continuado da conduta dos alumnos e alumnas a través da educación en valores, a educación social e a intelixencia emocional.

Todo isto nun entorno de axuda, próximo e de traballo constante e servizos para dar resposta ás necesidades do alumnado e das súas familias.

Concedemos un papel destacado ao Plan de Acción Titorial (PAT), o cal entendemos coma un proceso de acompañamento, seguimento e tutela do alumnado, ademais dunha canle de comunicación constante coas familias.

Para acadar os obxectivos previstos, as liñas de actuación fundamentais en relación co noso alumnado son as seguintes:

- Desenvolvemento da súa autonomía, espírito crítico e iniciativa persoal.
- Inclusión, igualdade e equidade.
- Atención á diversidade.
- Detección temperá de dificultades de aprendizaxe e o seu pronto tratamento.

- Educación emocional.
- Aprendizaxe de idiomas a través dun ensino plurilingüe en Educación Infantil e Primaria.
- Auxiliar de conversa.
- Gabinete psicopedagógico.
- Reforzo educativo.
- Apoio, formación e axuda ao alumnado.
- Uso das TIC e das NNNT.
- Participación en proxectos e plans de diversa natureza.

En relación coas familias:

- Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).
- Escola de Nais e Pais.

## 5.2. Liña pedagóxica

O Centro ofrece aos seus alumnos e alumnas unha educación integral, plurilingüe e de calidade, resultado da combinación de catro elementos básicos, directamente relacionados cos obxectivos presentados anteriormente:

### 5.2.1. Educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa

Potenciamos a educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa do noso alumnado aportando a cada un o que precisa en cada momento, dirixindo os nosos esforzos á atención á diversidade do alumnado. O noso centro aposta por un seguimento individualizado de cada alumno e alumna mediante a detección temperá e o tratamento das necesidades educativas especiais. Queremos dar prioridade a todas aquelas propostas educativas centradas na inclusión e na integración real de todo o alumnado.

Para iso, contamos cun completo equipo de especialistas dentro do Gabinete Psicopedagógico (DO) do centro disposto a colaborar con alumnado, familias e profesorado. Entre as súas funcións podemos destacar a detección temperá de dificultades, desenvolvemento de tarefas de prevención e a

coordinación e colaboración co equipo de mestres de apoio que traballan co alumnado que o precise.

### 5.2.2. Centrada no cambio metodolóxico

O cambio metodolóxico do centro apostará polo fomento do uso de Metodoloxías Activas que convirten ao alumnado en protagonista dos seus propios procesos de aprendizaxe e ao profesorado en guía que os acompañe no proceso.

Para iso, trazaremos un plan de formación do profesorado que poderá versar sobre os seguintes aspectos, sempre atendendo ás necesidades e obxectivos prantexados en cada momento:

- Autorregulación do alumnado.
- Avaliación formativa.
- Metodoloxías activas e o seu uso na aula (ABP, ABR, FlippedClassroom...).
- Aprendizaxe cooperativa.
- Uso das novas tecnoloxías.
- Etc.

Ademais, propoñemos procesos de formación internos entre o propio profesorado, promovendo a colaboración entre o Claustro, mediante o descubrimento de coñecementos e habilidades específicos dos nosos mestres e mestras e que poderán resultar de interese e utilidade ao resto do profesorado.

Todo o anterior vai orientado a converter ao alumnado nos verdadeiros protagonistas do proceso, adquirindo e desenvolvendo as competencias necesarias para aprender a aprender, para desenvolver a súa autonomía, o seu espírito crítico e iniciativa persoal, o emprendemento, a creatividade, a curiosidade, a participación, o esforzo e o traballo persoal, entre outros.

### 5.2.3. Educación emocional

Entendemos a educación emocional como un proceso educativo, continuo e permanente, que pretende potenciar o desenvolvemento emocional como complemento indispensable para o desenvolvemento cognitivo, constituíndo ambos os elementos esenciais no desenvolvemento da personalidade integral.

Para iso, propoñemos desenvolver no alumnado os coñecementos e habilidades sobre as emocións co obxectivo de capacitalos para afrontar de maneira efectiva os retos cotiáns, coa finalidade última de aumentar o benestar persoal e social.

Tendo o anterior presente, formularemos un plan que fomente no noso alumnado:

- A adquisición dun mellor coñecemento das propias emocións.
- A identificación das emocións alleas.
- O desenvolvemento de habilidades para o autocontrol.
- Habilidades e estratexias para previr os efectos adversos das emocións negativas.
- Habilidades e estratexias para xerar emocións positivas.
- A resistencia fronte a frustración.
- A automotivación.

#### 5.2.4. Convivencia escolar

Será un aspecto clave a traballar no centro co alumnado, de forma que adquiren habilidades que lles permitan establecer relacións interpersoais positivas, baseadas no respecto aos demais e ás súas formas de pensar e actuar, na igualdade, na tolerancia ante as diferenzas, na resolución pacífica e dialogada dos conflitos e comprometida coa xeración dun clima de convivencia axeitado no centro.

### 5.3. Metodoloxía

Como indicamos nun epígrafe anterior, apostamos pola introdución paulatina das Metodoloxías Activas que implican ao alumnado nos procesos de aprendizaxe, sendo os verdadeiros protagonistas dos mesmos, para que alcancen o máximo desenvolvemento das súas capacidades e motivación no desexo de aprender.

O papel do profesorado será o de facilitador, guía, acompañante e deseñador de situacións de aprendizaxe que respecten os ritmos de cada

alumno e alumna, ademais de conseguir ese protagonismo do alumnado fronte os procesos de aprendizaxe.

Ademais, o traballo cooperativo será un elemento esencial, que conxugado co traballo individual, en parellas e en gran grupo, aportará ao alumnado as habilidades e competencias necesarias para interatuar cos seus iguais de forma positiva e eficiente.

Unha forma de achegar o alumnado ás Metodoloxías Activas poderá ser mediante o desenvolvemento de proxectos multidisciplinares que partan dos seus propios intereses e inquiredanzas. O alumnado terá a oportunidade de traballar competencias clave, aumentar a súa autonomía, traballar de forma cooperativa, resolver conflitos de forma pacífica e traballar distintas áreas de forma transversal observando a importancia da multidisciplinidade.

Estes proxectos estarán centrados no alumnado, con contidos relacionados e conectados coa experiencia, coa realidade e cos seus intereses, favorecendo por tanto a aprendizaxe significativa e a aprendizaxe por descubrimento.

#### **5.4. Concepto e uso da avaliación**

Reformularemos a avaliación coma un proceso formativo, planificado e sistemático, que posibilite a obtención de información relevante e de maneira continua sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Isto servirá de soporte para a toma de decisións centradas na mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, na detección de necesidades, no diagnóstico e na reorientación dos procedementos.

Fomentaremos o uso de estratexias e recursos variados na avaliación que favorezan a resposta e a atención á diversidade.

Introduciremos estratexias de autoavaliación para favorecer a motivación do alumnado, de xeito que sexan capaces de detectar as súas fortalezas e os ámbitos nos que precisan apoio.

A avaliación entre iguais tamén deberá ser un aspecto esencial nesta nova visión da avaliación, de xeito que analicen o traballo en grupo, observando puntos de mellora e analizando fortalezas coma equipo cooperativo.

Xa por último, a avaliación dos procesos de ensinanza, da práctica docente e a análise dos resultados obtidos constitúen un impulso permanente para a mellora.

Adaptación dos criterios de promoción en EP á ***Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.***

A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados da aprendizaxe dos alumnos, así como a práctica docente, e o profesorado avaliará, tanto os resultados como os procesos desenvolvidos para acadalos de maneira obxectiva.

#### **5.4.1. Criterios xerais de promoción en EP**

A avaliación do alumno realizarase tendo en conta o grao de adquisición das competencias e de logro dos obxectivos da etapa, tomando como referencia para elo os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. A avaliación realizarase de maneira continua e global tendo en conta o progreso do alumn@ no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Ao rematar os cursos 2º, 4º e 6º de EP, o equipo docente tomará decisións sobre a promoción do alumnado na sesión de avaliación final. A promoción de curso será automática ao curso seguinte ao rematar 1º, 3º e 5º de EP.

Promocionarán ao curso ou á etapa seguinte todos os alumnos/as que se considere que acadaron os obxectivos correspondentes ao curso ou á etapa realizados, así como quen esteñan acadado o grao establecido das competencias. De non ser así, os alumnos poderán repetir unha vez durante a etapa, sendo esta unha medida excepcional que se adoptará logo de esgotar o resto de medidas de reforzo e apoio nos casos en que se consideren necesarias para resolver as súas dificultades de aprendizaxe que se detecten. A repetición de curso irá acompañada dun plan específico de reforzo para o alumno durante ese curso escolar.

Os alumnos que promocionen ao curso seguinte con alguna materia suspensa recibirán os apoios necesarios para a superación desa/s materia/s.

Ao rematar os cursos 2º e 4º cada titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno, indicando as medidas de reforzo necesarias para o ciclo seguinte, se as houber. Sucederá o mesmo ao remate do 6º curso da etapa.

Ao rematar a etapa, cada alumno disporá dun informe elaborado polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con NEES neste informe tamén se recollerán as adaptacións e medidas adoptadas e a necesidade de continuidade na seguinte etapa.

#### **5.4.2. Criterios para a concesión da mención honorífica ao rematar EP**

Aqueles alumnos que rematen a etapa cunha calificación media no terceiro ciclo igual ou superior a 9.5 puntos, obterán unha mención honorífica que figurará no seu expediente académico.

#### **5.4.3. Criterios xerais de promoción e repetición en ESO**

Adaptación dos criterios de promoción e titulación en ESO á ***Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.***

A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados da aprendizaxe dos alumnos, así como a práctica docente, e o profesorado avaliará tanto os resultados como os procesos desenvolvidos para acadalos de maneira obxectiva.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado realizarase tendo en conta o grao de adquisición das competencias e dos obxectivos da etapa tomando como referencia os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Os referentes de avaliación para o alumnado con adaptación curricular serán os que figuren na citada adaptación.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Secundaria será continua, formativa e integradora, o que permitirá adoptar medidas de reforzo educativo cando se detecten as dificultades

Cómpre salientar que o período comprendido entre o remate da terceira avaliación e o remate do curso adicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. A calificación final de cada materia farase efectiva na avaliación final de curso, polo que as calificacións obtidas o ao remate da 3ª avaliación poden variar na sesión de avaliación final. O profesorado avaliará ao alumnado tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo e os criterios de cualificación das materias serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias clave.

A avaliación será realizada polo equipo docente, que estará constituído polo conxunto de profesores de cada grupo de alumnos, que actuará de forma colexiada, coordinado polo titor e asesorado polo D.O. do centro.

A decisión sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, tomaraa de maneira colexiada o conxunto de profesores do alumno durante a sesión de avaliación final, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

#### **5.4.4. Criterios de promoción en ESO**

Os alumnos promocionarán ao seguinte curso cando superen todas as materias o teñan avaliación negativa nunha ou en dúas materias como máximo, sexan do propio curso ou de cursos anteriores. Ademais dos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción ao curso seguinte dun alumno/a sempre que se cumpran TODAS as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculado ese ano académico (inclúense materias do propio curso e pendentes de cursos anteriores) sexa igual ou superior a 5 puntos, tendo en conta que non cabe a posibilidade de redondeo das

calificacións, é dicir, se a media da 4.9, non se permite a aplicación de redondeo a 5.

- Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Neste cómputo non entrarían as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición, que este ano son unha hora de Matemáticas en 1º ESO e outra de Xeografía e Historia en 2º.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente estime que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción ao curso seguinte con materias sen superar, deberá matricularse de novonesas materias e seguir un plan de reforzo en cada unha delas e superar as avaliacións correspondentes a dito plan.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A repetición será unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumnado. En todo caso, un alumno poderá permanecer no mesmo curso unhaso a vez e dúas como máximo ao longo de toda a ensinanza obrigatoria. Con carácter excepcional, poderase permanecer un ano máis en 4º aínda que se esgotara o tempo máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esa medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

#### **5.4.5. Consello orientador**

Ao rematar o 2º curso da ESO entregarase á familia de cada alumno un consello orientador que incluírá un informe sobre o grado de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación.

Ao rematar a etapa, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado, que incluíra unha proposta da opción académica, formativa ou profesional que se considere máis conveniente para cada alumno.

#### **5.4.6. Obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria**

Ao rematar o 4º curso de ESO na sesión de avaliación final o equipo docente decidirá de maneira colectiva sobre a titulación do alumnado atendendo á adquisición das competencias e á consecución dos obxectivos da etapa.

A estes efectos, obterá o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria o alumnado que supere todas as materias . Ademais de no caso anterior, o equipo docente tamén poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno sempre que se cumpran TODAS as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das calificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculado ese ano académico sexa igual ou superior a 5 (inclúense tamén neste cómputo as materias pendentes de cursos anteriores).
- Que a xuízo do equipo docente o alumno teña adquiridas as competencias establecidas.
- Que a xuízo do equipo docente o alumno teña acadados os obxectivos da etapa.

O alumnado que unha vez rematado o 4º curso da ESO non obteña o título da ESO e supere os límites de idade establecidos no art. 4.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superara de acordo co currículo establecido.

#### **5.4.7. Criterios para a concesión da matrícula de honra ao rematar a etapa**

Aqueles alumnos que na avaliación final de 4º de ESO obteñan unha nota media nese curso igual ou superior a 9.50 puntos, obterán unha mención

honorífica que figurará no seu expediente académico. Dita mención poderá concederse como máximo, a un 5% do total do alumnado matriculado nese curso.

En caso de representar eses alumnos un porcentaje superior ao 5%, procederase a varemar a nota media obtida por cada un, obtendo a mención honorífica aquel cuxa media sexa superior.

### **5.5. Obxectivos curriculares**

Establécense nas programacións didácticas que cada docente elabora ao comezo do curso escolar.

### **5.6. Servizos do centro**

O centro conta cos seguintes servizos para as familias, alumnado e profesorado:

#### **5.6.1. Portería**

Este servizo está dispoñible de luns a venres de 08:00h a 13:30h e de 15:30h a 18:00h. Entre os servizos que oferta atopamos os seguintes:

- Apertura do colexio ás 08:00h.
- Atención de chamadas telefónicas.
- Proporcionar informacións varias.
- Recoller aos alumnos e alumnas que cheguen despois da hora de entrada e conducilos ata as aulas.
- Entregar aos alumnos e alumnas que abandonen o colexio antes da hora de saída ás súas familias, xunto co parte de saídas.
- Vender o uniforme escolar.
- Acompañar ao alumnado usuario do transporte escolar ata a saída do centro en horario de tarde.

#### **5.6.2. Secretaría**

Departamento encargado da xestión de documentos académicos e arquivos do centro. Os certificados e demais documentación académica expídese na Secretaría (matriculacións, altas, baixas, certificados de estudos, expedientes académicos, títulos, cobro de recibos, comedor, transporte, actividades extraescolares, solicitude de axudas, etc.).

### 5.6.3. Departamento de Orientación

Respecto do alumnado, ten o obxectivo de lograr unha axeitada atención á diversidade, levando a cabo actividades tales como:

- Avaliacións psicopedagóxicas individuais do alumnado.
- Elaboración e actualización de informes para os alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo.
- Atención individualizada con alumnado con dificultades de aprendizaxe, retraso madurativo, problemas emocionais, trastornos de conduta, déficit de atención e hiperactividades, etc.
- Coordinación con axentes externos: Equipos de orientación, psicólogos, Asuntos Sociais...
- Hábitos de estudio e planificación (5º e 6º de Primaria e todos os cursos da ESO).
- Programa de orientación vocacional en Secundaria.
- Planificación e posta en marcha de grupos de alumnado estranxeiro para a adquisición da linguaxe e integración na dinámica xeral do centro.
- Elaboración de programas de habilidades sociais para aqueles alumnos e alumnas que o precisen.

En relación co profesorado o Departamento de Orientación realiza as seguintes actividades:

- Asesoramento, colaboración, presentación de recursos e instrumentos para a elaboración das programacións respecto ás medidas de atención á diversidade.
- Coordinación dos grupos de Apoio e Reforzo Educativo en horario escolar.

- Seguimento de alumnado con dificultades específicas, coordinando pautas de actuación.
- Deseño de actuación cara á elaboración dun bo consello orientador nos casos nos que é prescrito.
- Coordinación na realización de adaptacións curriculares.
- Asesoramento psicopedagóxico nas reunións de avaliación.
- Elaboración e apoio no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial (PAT) coa realización de titorías específicas en distintos niveis.

Por último, as actividades do Departamento de Orientación en relación coas familias son as seguintes:

- Entrevistas individuais: seguimento específico da evolución do alumnado, información sobre resultados de exploracións psicopedagóxicas...
- Entrevistas conxuntas cos/as titores/as.
- Reunións xerais sobre distintos aspectos: información sobre probas psicopedagóxicas, orientación vocacional, etc.

#### 5.6.4. Comedor escolar

O centro conta cun comedor escolar no que a comida é preparada a diario no centro baixo unhas estritas medidas de hixiene e seguridade alimentaria.

O alumnado pode acollerse a este servizo de maneira continuada ou ben facéndoo naqueles días que o precise, previo aviso á secretaría o mesmo día pola mañá.

Os horarios son os seguintes:

- Educación Infantil: 14:30h a 15:30h
- Educación Primaria: 14:00h a 15:00h
- ESO: 14:15h a 15:15h

#### 5.6.5. Transporte escolar

Este servizo está a disposición dos alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria.

Consta de dúas viaxes diarias: unha ruta de mañá para traer ao alumnado ao colexio e unha ruta de regreso ás súas casas unha vez rematado o tempo dedicado ao comedor escolar.

Os/as usuarios/as do transporte son recollidos e deixados nos lugares que indiquen as súas familias e viaxarán sempre acompañados por un monitor.

Este servizo depende da demanda que exista a comezo de cada curso escolar.

#### 5.6.6. Servizo de custodia

O primeiro tramo do servizo de custodia comeza ás 08:00h para atender ás necesidades das familias que madrugan máis. É un espazo compartido por todo o alumnado de Infantil e Primaria co obxectivo de que gocen xogando e compartindo tempos con compañeiros e compañeiras de distintas idade. Ademais, permite a conciliación laboral das familias e a vida escolar dos seus fillos e fillas. O horario do primeiro tramo de custodia abarca ata a entrada do alumnado ás clases e resulta gratuíto para as familias.

O segundo tramo deste servizo, a custodia de tarde, comeza ás 15:30h e remata ás 17:30h.

Resulta gratuíto para os alumnos de comedor.

#### 5.6.7. Reforzo educativo

As clases de reforzo son gratúitas para as familias. Son voluntarios e levaranse a cabo no horario de custodias.

#### 5.6.8. Actividades Extraescolares

Dende o centro proporcionamos unha ampla oferta de actividades extraescolares nas diferentes etapas:

- Escola de música e movemento.
- Grupos de inglés con profesor nativo.
- Grupos de preparación dos exames Cambridge.
- Estimulación logopédica.
- Dibuplastic.

- Pintura.
- Baile moderno.
- Taller de contacontos.
- Teatro.
- Natación.
- Fútbol.
- Voleibol.
- Atletismo.
- Taekwondo.
- Baloncesto.
- Patinaxe.
- Xadrez.
- Etc.

#### 5.6.9. Conferencias

Perseguen o obxectivo de que o noso alumnado coñeza e participe da realidade social da que forma parte. Con ese fin, organízanse conferencias para alumnado e familias con especialistas en diversos ámbitos e con destacados persoeiros da política, das artes, do periodismo, etc.

#### 5.6.10. Excursións

Tamén organizamos saídas para dar a coñecer diferentes realidades: visitamos fábricas, redaccións de xornais, escolas universitarias, etc.; asistimos a representacións teatrais, concertos, exposicións, etc.; participamos en certames deportivos, literarios e tradicionais de diversa índole.

Ademais, o noso alumnado participa en excursións diversas: á neve, á praia para practicar en deportes acuáticos, destinos internacionais coma Londres ou Bruxelas, destinos nacionais, etc.

#### 5.6.11. Venda de libros de texto

As familias poderán mercar os libros de texto dos seus fillos e fillas directamente no colexio.

#### 5.6.12. Uniforme escolar

Todos os alumnos e alumnas de EI e EP utilizan uniforme escolar, que está á disposición das familias no propio colexio. O chándal do colexio utilizarase en todas as etapas educativas durante as sesións de educación física.

### **5.7. Proxectos e plans**

#### 5.7.1. Proxecto Lector

Este proxecto pretende fomentar o hábito lector no alumnado do centro, ademais do uso habitual da biblioteca, tanto de aula coma de centro.

Para a súa elaboración teranse en conta as normas fixadas dende a Consellería e postas en coñecemento dos docentes a través do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño (DOG do 29 de xuño), polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste proxecto incluíranse as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura, así coma a adquisición das competencias clave.

Será de gran importancia para fomentar a formación de lectores competentes, así como a creación e consolidación de hábitos de lectura, a maior presenza da biblioteca escolar como centro de recursos de información e aprendizaxe e como dinamizadora da vida cultural do centro.

Por outra banda, o plan anual de lectura e o proxecto lector do centro garantirán a progresiva capacitación do alumnado nas competencias clave, sobre todo nas referentes á competencia en comunicación lingüística, á competencia dixital e á conciencia e expresións culturais.

Para poder acadar os obxectivos e fomentar a promoción persoal dos nosos alumnos e alumnas, participarán activamente na elaboración de traballos de investigación, enquisas, creación de poemas e narracións breves, etc., que

pasarán a formar parte dos distintos proxectos de innovación educativa que hai no colexio, previa selección dos mesmos na aula.

Algúns dos proxectos nos que participan o alumnado nas distintas etapas educativas son os seguintes:

- *O recuncho da lectura* para educación infantil.
- *O maratón lector* para alumnado de primaria (a partires do 2º curso).
- *A maxia dos libros* para o alumnado de secundaria.

### 5.7.2. Plan de Dinamización e Potenciación da Lingua Galega

Coordinado polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, elabóranse os plans específicos para potenciar a presenza da realidade galega no ensino en distintos ámbitos culturais, históricos, xeográficos, artísticos, etnográficos, lingüísticos, literarios, etc.

Este plan vai orientado a lograr unha valoración positiva do uso da lingua e a mellorar a competencia lingüística dos membros da Comunidade Educativa, realizando actividades para celebrar as festas tradicionais (Samaín, Magosto, Entroido, Maios...), informando de novidades editoriais en lingua galega, realizando certames e concursos literarios en galego, etc.

### 5.7.3. Acción Social

Coordinado por un grupo de mestres e mestras, o Grupo de Acción Social nace coa intención de realizar actividades solidarias e de axuda a colectivos que o precisen do noso contorno máis próximo. Ademais, ten como obxectivo a concienciación do noso alumnado na necesidade de axudar aos demais, aportando pequenos graos de area para cambiar a situación dos máis desfavorecidos, sempre coa premisa de que outro mundo é posible.

Este Grupo de Acción Social organiza diferentes accións ao longo do curso nas que se implican familias, alumnado, profesorado, institucións...

Como primeira iniciativa púxose en marcha o proxecto Pulseiras Solidarias. Os cartos recadados pola venda destas pulseiras foron destinados á Asociación Ruliños Terras de Lemos, asociación sen ánimo de lucro dirixida a familias con fillos e fillas con necesidades especiais de Monforte e arredores.

Tamén colaborou co Hogar San José durante a campaña de Nadal, organizou e celebrou unha carreira solidaria co fin de recadar fondos para Auxilia, colabora en numerosas campañas de recollida de roupa, xoguetes e alimentos, etc.

#### 5.7.4. Agrupación Deportiva

O centro tamén dispón dunha Agrupación Deportiva para fomentar a actividade física e deportiva en idade escolar, ademais da adquisición de hábitos de vida saudables.

#### 5.7.5. Radio Torre de Lemos

A radio escolar é unha iniciativa enmarcada dentro dun programa interdisciplinario que engloba todas as materias que se imparten na ESO, na que traballan todos os alumnos e alumnas desta etapa. Inclúese dentro da programación da Biblioteca Escolar.

Este proxecto concretouse hai varios anos coa emisión de programas propios, centrados basicamente en informativos, musicais e monográficos.

Os obxectivos que se perseguen con este proxecto son os seguintes:

- Profundar no manexo e utilización das novas tecnoloxías.
- Cultivar a expresión escrita e oral a través da redacción das novas, da elaboración dos guións, a produción dos programas e da súa emisión.
- Enriquecer o vocabulario co manexo de novos vocábulos, con especial atención aos que se utilizan na linguaxe xornalística e radiofónica e ao emprego das diferentes linguas estranxeiras estudadas no centro.
- Aprender a organizarse á hora de producir os programas.
- Fomentar a exposición oral e pública dos mesmos.
- Profundar no vocabulario galego e na correcta utilización das expresións idiomáticas da nosa lingua.
- Recordar e descubrir xéneros musicais na materia de música en 2º e 3º da ESO.
- Incorporar ao alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria nas actividades desenvolvidas na radio escolar.

#### 5.7.6. Voz Natura

Esta actuación está enmarcada dentro do programa da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre "Voz Natura", no que o centro leva participando once anos.

O obxectivo principal é que toda a comunidade escolar do colexio Torre de Lemos se conciencie da importancia que ten no mundo actual o medio ambiente e o noso patrimonio etnográfico, facendo unha aposta seria polo desenvolvemento sostible. Persequimos que o alumnado sexa testemuña do proceso semente-coidado-colleita das plantas do invernadoiro e do horto escolar.

Nestes tempos, nos que parece que o tradicional perde terreo, inculcamos aos rapaces e rapazas a necesidade de revitalizar o agro, xa que é unha maneira de vida a ter en conta.

Entendemos este proxecto como transcendental para a formación integral do alumnado, posto que os conceptos teóricos son importantes, pero tamén o seu traslado á práctica.

O noso horto convértese nun lugar de aprendizaxe, esparexemento, gozo e nunha área de socialización, na que convivimos alumnado, profesorado, familias e persoal de servizos.

Ten un marcado carácter interdisciplinario, posto que traballan nel distintos departamentos: Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Matemáticas, Lingua Galega, Educación Plástica e Visual e Lingua Inglesa.

#### 5.7.7. Plan Plurilingüe Inglés-Español

O noso centro é o único colexio plurilingüe da comarca de Lemos, e integra en toda a etapa de Primaria o castelán, o galego e o inglés como linguas vehiculares dentro das aulas. No ensino Secundario tamén se incorpora o francés como segunda lingua estranxeira.

Dada a experiencia e os bos resultados obtidos, dende o curso escolar 2017-2018 o alumnado de Infantil tamén desfruta dun ensino íntegro en inglés en boa parte do seu horario lectivo semanal. Con isto, pretendemos que o salto á Educación Primaria non supoña un cambio excesivamente brusco.

Ademais, tamén contamos cun amplo programa de actividades extraescolares e complementarias en lingua estranxeira, que inclúe cases de conversa con nativos en todas as etapas educativas, entre outras.

#### 5.7.8. Plan de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe

Centrado naqueles alumnos e alumnas que, despois de facer a pertinente avaliación, se considere que deberán recibir apoio educativo dentro ou fóra da aula, dependendo dos casos, ou poñer en marcha, se fose necesario, a pertinente Adaptación Curricular despois de esgotar todos os recursos anteriores.

Os obxectivos que se perseguen con este plan son os que seguen:

- Contribuír á prevención das dificultades de aprendizaxe e á identificación das necesidades educativas do alumnado que, por diversas causas, poida presentar problemas no seu desenvolvemento persoal ou desaxustes respecto ao currículo escolar.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, deseñando as medidas educativas de atención á diversidade que se consideren necesarias en cada momento.
- Adoptar medidas curriculares, de reforzo ou adaptación e organizativas sobre formas de agrupamento do alumnado e organización de espazos e tempos, que faciliten a atención á diversidade.
- Fixar criterios para atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, dende o currículo ordinario.
- Avaliar, conxuntamente co profesorado, o desenvolvemento das medidas adoptadas ao longo do curso.
- Facer un seguimento da evolución académica e persoal do alumnado.
- Proporcionar aos alumnos/as estratexias de aprendizaxe para que poidan aprender por si mesmos.
- Introducir técnicas de traballo que melloren a fluidez e a comprensión lectora.
- Implicar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe e orientar aos pais e nais do alumno con necesidades educativas especiais.

- Participar na elaboración do PEC e o PCC.

#### 5.7.9. Plan de acollida

Cando chegan ao centro alumnos e alumnas procedentes do estranxeiro terase en conta a Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

Os obxectivos deste plan de acollida son os seguintes:

- Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
- Favorecer para eles unha adaptación progresiva ao centro.
- Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
- Fomentar actitudes de respecto cara a estes alumnos/as e facilitar o proceso da súa integración.

#### 5.7.10. Programa de habilidades sociais

Tendo en conta o establecido na circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, e tendo en conta a instrución oitava, o Departamento de Orientación elaborou un programa de habilidades básico, incluído no Plan de Acción Titorial dende o curso 2017-2018, para que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e enfrontar axeitadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.

Respecto dos obxectivos, resaltamos os que seguen:

- Diferenciar entre os distintos estilos de comportamento.
- Comprender a utilidade de canalizar os propios sentimentos para que exista unha efectiva comunicación.
- Aprender distintas técnicas que facilitan a comunicación asertiva.
- Dar importancia aos compoñentes non verbais que se producen na comunicación.
- Entender as diferentes habilidades sociais básicas e a súa aplicación práctica.

- Diferenciar os contextos onde se produce a comunicación dentro do centro escolar e saber controlar a maneira de dirixirse aos demais en cada un deles.
- Adquirir conciencia dalgunhas habilidades sociais máis avanzadas.

#### 5.7.11. Programa de estimulación da linguaxe en Infantil (PELI)

Unha das tarefas dos mestres e mestras de Audición e Linguaxe nos centros educativos é a estimulación da linguaxe nos primeiros anos de desenvolvemento. Existe unha relación clara entre linguaxe, memoria e atención, xa que aquela axuda na discriminación visual e auditiva do nomeado, a establecer categorías conceptuais, a interiorizar o mundo externo, a exercitar e a empregar a capacidade de análise e síntese.

Por todo isto, resulta básico ter en conta dende as etapas temperás este tipo de programas de estimulación nos que se traballarán de xeito específico e amplo os seguintes aspectos.

- Discriminación auditiva: fonética e memoria auditiva.
- Relaxación, respiración e sopro.
- Praxes bucofonatorias.
- Fonética e fonoloxía.
- Morfosintaxe.
- Léxico-semántica.
- Habilidades comunicativas.
- Habilidades metalingüísticas.

Este plan ten como finalidade o desenvolvemento da linguaxe e a prevención de dificultades, reforzando unha serie de habilidades e aptitudes que entran en xogo na adquisición da lectura e a escritura, previndo posibles déficits na área comunicativa-lingüística.

Os obxectivos xerais perseguidos serán:

- Estimular a fala e ofrecer modelos a imitar.
- Axudar para compensar ou eliminar diferenzas orixinadas polas desigualdades sociais e culturais.

- Aumentar a capacidade de comprensión e expresión das mensaxes orais.
- Favorecer o uso funcional da linguaxe oral, como instrumento de comunicación e representación.
- Favorecer os diversos usos da linguaxe, desenvolvendo as principais habilidades lingüísticas.
- Fomentar a espontaneidade e seguridade á hora de expresarse de maneira oral.

#### 5.7.12. Plan de reforzo para o alumnado que non promociona de curso ou ten materias pendentes

O alumnado que non promociona de curso ou ten algunha materia pendente seguirá un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

No caso dos alumnos e alumnas que non promocionan ao curso seguinte, poderán incorporarse a un programa de reforzo das áreas instrumentais básicas, así como a un conxunto de actividades programadas para realizar un seguimento personalizado do/a mesmo/a.

Entre as medidas a destacar atopamos as seguintes:

- Apoio e reforzo pedagóxico no grupo-clase ordinario coa presenza dun segundo mestre.
- Atención, apoio e reforzo pedagóxico fóra da aula ordinaria impartido polo mestre de apoio.
- Realización de traballos e actividades deseñadas para reforzar aqueas dificultades que presentan nas materias non superadas.
- O alumnado da ESO con materias pendentes de cursos anteriores, contarán con probas escritas nos meses de maio e setembro, podendo tamén entregar traballos sobre esas materias nos termos establecidos polos/as docentes.

#### 5.7.13. Programa de Orientación Académico-Profesional

Este plan desenvolverase para a etapa da ESO prioritariamente a través da hora específica de titoría, aínda que consideramos importante e esencial que

o profesorado colabore activamente dende as súas áreas. O alumnado tamén poderá solicitar directamente información no Departamento de Orientación.

Os obxectivos respecto do alumnado son os seguintes:

- Axudar a coñecer as súas aptitudes, personalidade, preferencias, valores e demais aspectos que condicionan as decisións vocacionais.
- Proporcionar información sobre itinerarios académicos.
- Instruír na busca de información relacionada coas saídas formativas ao rematar o ensino obrigatorio.
- Contribuír ao coñecemento do mundo socio-laboral e profesional.
- Fomentar no alumnado a capacidade de toma de decisións, analizando de forma crítica a súa situación persoal e valorando as vantaxes e inconvenientes de cada unha das alternativas.
- Loitar contra os estereotipos sexuais ou calquera outro tipo de discriminación socio laboral.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades de análise das características de profesión, así como as cualidades físicas, intelectuais, persoais e as motivacións necesarias para o exercicio da mesma, proporcionando información necesaria para que fagan una elección responsable.
- Adquirir destrezas de busca de emprego e toma de contacto coas ofertas do mundo laboral.
- Proporcionar información básica en materia de autoocupación (oposicións, concursos, creación dunha empresa, etc.).

#### 5.7.14. Plan de Integración das TIC

A necesidade da implantación das novas tecnoloxías na educación de hoxe en día xustifícase por si soa. É incuestionable que a sociedade da información e o coñecemento está a producir cambios revolucionarios en todos os aspectos da sociedade. A educación, por tanto, lonxe de quedar á marxe, emerxe como un dos campos máis activos de tal revolución.

A estratexia do proxecto xira ao redor do concepto de centro educativo dixital, que se configura como un modelo de referencia no que se recollen as características xerais relacionadas con:

- Equipamento e infraestruturas.
- Contidos educativos.
- Fomento da cultura dixital.
- Integración e participación.

Os obxectivos para o alumnado serán os seguintes:

- Desenvolver a capacidade de acceder á información.
- Aproveitar as oportunidades que a sociedade do coñecemento ofrece e evitar fracturas dixitais excluíntes a colectivos sociais dentro do alumnado, poñendo á súa disposición os medios do centro.
- Atender á diversificación facilitando medios e recursos de aprendizaxe.
- Facilitarlle información e orientación do seu futuro laboral e académico.
- Facilitarlle información cultural e social do seu contorno.
- Facilitarlle información administrativa e académica do seu centro.
- Fomentar a aprendizaxe autónoma e permanente do alumnado, técnicas de estudo e “aprender a aprender”.
- Tomar conciencia do uso responsable da rede.

### **5.8. Directrices xerais de funcionamento**

As Normas de Organización e Funcionamento (NOF) son o conxunto de regras, normas e procedementos que posibilitan que a estrutura organizativa do centro funcione, determinando como se realizarán as funcións das diferentes unidades organizativas que o constitúen e vertebrando a participación e convivencia de todos os membros da Comunidade Educativa.

Este Regulamento será a concreción da normativa vixente adaptada a unha filosofía e a uns valores que o centro quere desenvolver e que determinarán o estilo propio do seu funcionamento.

A Fundación Educativa Torre de Lemos, segundo establece a lexislación vixente, elabora o NOF para:

- Regular a convivencia e a estrutura organizativa do centro a través de normas claras e apoiada pola maioría dos estamentos da Comunidade Educativa.
- Garantir a axeitada participación de todos os membros da Comunidade Educativa no seu propio funcionamento.
- Garantir a igualdade entre todos os membros da Comunidade Educativa.
- Lembrar e fixar os dereitos e deberes que todos posuímos.
- Defender e armonizar a eficacia dentro de cada unha das tarefas escolares.
- Contribuír á colaboración e ao traballo en equipo.
- Fomentar a autonomía e a responsabilidade de todos os integrantes da Comunidade Educativa.

Toda a información relativa ás directrices xerais de funcionamento do centro poderanse consultar no NOF presentado nun documento a parte.

## **6. ORGANIZACIÓN DO CENTRO**

### **6.1. Organización, funcionamento e xestión do centro**

#### **6.1.1. Órganos de goberno e xestión**

Os órganos do goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación e a mellora da calidade do ensino con total respecto á normativa vixente. Ademais, no ámbito das súas competencias, garantirán o exercicio dos dereitos do alumnado, profesorado, nais e pais de alumnos e alumnas e persoal de administración e servizos. Tamén favorecerán a participación de todos os membros da Comunidade Educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.

Todos eles desenvolverán as súas funcións promovendo os obxectivos de carácter propio do Proxecto Educativo de Centro de conformidade coa lei vixente.

O reparto de funcións e a asignación de tarefas entre as persoas da organización están baseados en criterios de equidade e competencia e buscarán

promover a coordinación, a implicación e compromiso de todos e todas na tarefa común.

A continuación, presentaremos a estrutura organizativa dos órganos de goberno e xestión.

### **Director/a**

Responsable do funcionamento e xestión do Centro, actuando en consonancia co Consello Escolar e o Claustro de Profesores/as, seguindo a normativa de aplicación e as indicacións da Administración Educativa.

### **Xefe/a de Estudos**

Profesor ou profesora do Centro que teña un mínimo de 3 anos de antigüidade no mesmo. Será nomeado polo/a Director/a previa comunicación ao Consello Escolar.

É o/a responsable de organizar, manter, fomentar e coordinar o desenvolvemento da actividade docente de acordo coa programación aprobada no Centro. Forma parte do Equipo Directivo e depende do/a Director/a. Coordina o desenvolvemento da programación xeral dos estudos e actividades académicas de profesorado e alumnado.

### **Secretario/a**

Será un mestre ou mestra do Centro que teña unha antigüidade mínima nel de 3 anos. Será nomeado polo/a Director/a previa comunicación ao Consello Escolar.

As súas funcións están relacionadas coa coordinación do equipo directivo, comunicación coas familias e a xestión da secretaría do Centro.

### **Equipo Directivo**

Constituído polo/a Director/a, o/a Xefe/a de Estudos, o/a Secretario/a, os/as Coordinadores/as de Etapa e o/a Coordinador/a do Departamento de Orientación.

Traballarán de forma coordinada impulsando as actividades do Centro e as iniciativas particulares, procurando involucrar a todos os estamentos implicados na boa marcha escolar.

## Consello Escolar

Órgano de participación dos distintos membros da Comunidade Educativa na xestión do Centro.

Estará composto polos seguintes membros:

- Representantes da Titularidade: Director/a, Xefe/a de Estudos, e Secretario/a.
- Catro mestres/as elixidos/as polo Claustro.
- Catro representantes dos/as pais/nais do alumnado.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Dous representantes dos alumnos e alumnas.

De común acordo entre a Entidade Titular e o Consello Escolar, poderanse constituír dentro deste diferentes comisións coa composición, competencias, duración e réxime de funcionamento que se determine no acordo de creación e conforme á normativa de aplicación. Serán os seguintes:

### Comisión Permanente

A Comisión Permanente asume, por delegación do Consello Escolar, as facultades para resolver ou aprobar, con carácter de urxencia, aqueles asuntos aos que sexa necesario dar resposta nun curto espazo de tempo. Con posterioridade, informarase ao Consello Escolar en pleno do aprobado.

Este órgano estará formado por: Director/a, Xefe/a de Estudos, un mestre/a membro do Consello Escolar, un representante das familias pertencente ao Consello Escolar e o Secretario/a.

### Comisión económica

Ten como principal función a de presentar as contas correspondentes a cada exercicio, a política económica do Centro e as liñas de actuación a seguir en materia económica, sen prexuízo das competencias da Entidade Titular neste ámbito.

Formado por: Director/a, un representante do profesorado, un representante das familias e o Secretario/a.

### Observatorio de Convivencia Escolar

Órgano colexiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado de convivencia no Centro, propoñendo, de ser o caso, e deseñando as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima de convivencia escolar.

Esta Comisión asume, por delegación do Consello Escolar, as competencias en materia de disciplina para axilizar os trámites e a aplicación de sancións, coa excepción dos casos de expediente disciplinario.

Forman parte desta comisión: Director/a, Xefe/a de Estudos, un profesor/a e/ou titor/a, un membro do Consello Escolar, un representante das familias e un representante do persoal non docente.

### **Claustro de profesores/as**

É o órgano de participación do profesorado no goberno do Centro e está formado por todos os mestres e mestras que impartan docencia nel. Presidido polo/a Director/a, terá a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e informar sobre os aspectos educativos do Centro.

O secretario do Claustro de Profesores/as será designado polo/a Director/a.

#### 6.1.2. Órganos de coordinación docente

O enfoque competencial do currículo require novas estratexias de ensinanza-aprendizaxe que, á súa vez, demandan novas estruturas organizativas, ademais das habituais, a fin de posibilitar o desenvolvemento de proxectos globais, así coma os procesos interdisciplinares entre as áreas e materias.

- Equipos de Etapa

É o órgano colexiado de coordinación que tutela o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe nunha etapa educativa baixo a supervisión do correspondente Coordinador/a e do/a Xefe/a de Estudos.

No Centro haberá un por cada Etapa (Infantil, Primaria e Secundaria), cada un constituído por todos os mestres e mestras que imparten docencia en ditas etapas. Tamén forman parte destes Equipos o Orientador do Centro e o

profesorado especialista do Departamento de Orientación asignado a cada etapa.

### Coordinador/a de Etapa

Nomeado polo/a Director/a, cada etapa contará cun Coordinador ou Coordinadora. Traballará en estreita colaboración cos profesorado baixo a supervisión do/a Xefe/a de Estudos e o/a Director/a.

- Equipo de Aula

Órgano de coordinación docente que tutela o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe para un grupo de alumnos e alumnas. Constituído por todos os mestres e mestras que impartan docencia ao alumnado dun grupo e será coordinador polo/a Titor/a.

- Titor/a

Coordinador/a do Equipo de Aula. Cada grupo de alumnos/as terá un titor ou titora que será nomeado polo/a Director/a ao comezo do curso escolar e será o encargado de coordinar o desenvolvemento de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe do grupo. Coincidirá normalmente co/a docente que imparta máis horas de clase ao grupo.

Será unha persoa comprometida co carácter propio e o Proxecto Educativo de Centro, cun desenvolvemento significativo das habilidades sociais, próximo, comunicador, innovador, respectuoso e organizado.

Dende o curso escolar 2018-2019 os titores e titoras da Etapa de Primaria impartirán todas as materias correspondentes ao seu grupo, a excepción das especialidades, e o farán en inglés na proporción que se especifique dado o carácter plurilingüe do centro.

- Departamentos Didácticos

Os Departamentos Didácticos son os órganos colexiados de coordinación que permiten a participación do profesorado no funcionamento do Centro, encargándose de organizar e desenvolver os procesos de ensino e aprendizaxe

propios da áreas ou materias correspondentes, así como de aquelas actividades que se lles encomenden no ámbito das súas competencias.

No centro hai un Departamento Didáctico de Ciencias, outro de Linguas e un terceiro de Linguas estranxeiras.

A súa creación e modificación depende do Equipo Directivo. Estarán formados por todos os mestres e mestras da especialidade ou especialidades asignadas ao Departamento.

- Coordinador/a de Departamento

Nomeado polo/a Director/a. Entre as súas funcións estarían as de dirixir e coordinar as actividades derivadas das funcións asignadas ao Departamento.

- Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación é o órgano colexiado que articula a orientación educativa e psicopedagóxica, canalizada prioritariamente a través do Plan de Acción Titorial (PAT) e das medidas de atención á diversidade.

Desenvolve funcións de asesoramento psicopedagóxico aos restantes órganos do Centro e intervén directamente, tanto nos ámbitos exclusivos da súa especialidade coma noutras actividades acordadas polo Equipo Directivo.

Departamento composto por: Director/a, Xefe/a de Estudos, Coordinadores/as de Etapa, Orientador/a (Licenciado en Psicoloxía ou Psicopedagogía), Especialista en Audición e Linguaxe e Especialista en Pedagogía Terapéutica.

- Xefe/a do Departamento de Orientación

Nomeado polo/a Director/a forma parte do Equipo Directivo. Entre as súas funcións están as de coordinar e dirixir as actividades e actuacións propias do Departamento e das persoas que traballan nel.

- Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega

Formado por tres docentes pertencentes aos distintos niveis educativos do centro e que imparten, entre outras, a materia de Lingua Galega, un

representante do alumnado (preferiblemente de 4º da ESO) e un representante do PAS. O nomeamento das persoas membros deste Equipo corresponde ao/á Director/a.

Entre as súas funcións destacamos a configuración do Plan de Dinamización e Potenciación da Lingua Galega no centro para cada curso escolar.

#### Coordinador/a do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega

Dirixe e coordina as actividades do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, nomeado polo/a Director/a.

- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

No Centro realízanse numerosas actividades complementarias e extraescolares, que son programadas e desenvolvidas ao longo de cada curso escolar por un Equipo de docentes nomeados/as polo/a Director/a.

#### Coordinador/a do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

Dirixe, coordina e supervisa as actividades realizadas polo Equipo. Tamén nomeado polo/a Director/a.

- Comisión de Coordinación Pedagóxica

É o órgano colexiado de coordinación que realiza o seguimento da práctica docente, utilizando como canal fundamental a avaliación da posta en marcha do Proxecto Curricular.

Esta Comisión está formada por: Director/a, Xefe/a de Estudos, Coordinador/a do Equipo de Orientación, Coordinadores/as de Etapa e Coordinadores/as dos Departamentos Didácticos.

## **6.2. Organización de espazos e recursos materiais**

O centro está constituído por tres edificios independentes, dous dos cales están acondicionados para o desenvolvemento de actividades relacionadas co

ensino e un terceiro de menor tamaño que se dedica ao almacenamento de utensilios, ferramentas e enseres propios do colexio, agás a última planta, que se utiliza como patio cuberto para os alumnos de EI.

O edificio máis antigo foi reconstruído no ano 1915 sobre as ruínas do antigo Mosteiro de San Xacinto. A súa estrutura é a típica dun convento: un claustro na planta baixa que se utiliza como zona de espaxamento do alumnado. Tamén hai un despacho de conserxería, outro para a venda de uniformes, unha cociña, dous comedores, unha sala de visitas, unha capela, unha aula de pintura e tres galerías interiores: unha habilitada como comedor para o alumnado de ESO, outra como lugar de entrada ao centro e unha terceira que se destina ao espaxamento do alumnado os días de choiva.

No primeiro andar atópase unha zona dedicada aos despachos de Dirección, Xefatura de Estudos, Orientación e secretaría, sala de profesores, laboratorio de ciencias, aula de música e aula de manualidades. Neste andar hai un ala completa do edificio que está baleira e se utiliza como espazo de almacenaxe de materiais pertencentes aos distintos equipos e departamentos.

Nos anos sesenta construíuse un segundo edificio que se comunicou co primeiro en distintos puntos e que se dedica por completo á ubicación das aulas: no primeiro andar atópanse as aulas de Educación Infantil e primeiro de Primaria. No segundo están as catro aulas de Ensino Secundario, a biblioteca, un estudio de radio, a aula de informática e uns aseos. No terceiro andar atópanse as restantes aulas de Primaria, un aula de apoio, outra de audición e linguaxe, dous aseos para alumnos e un para os docentes.

A planta baixa deste edificio ocúpala un ximnasio de usos múltiples, un ascensor e uns aseos.

#### 6.2.1. Aulas

As aulas distribúense entre os distintos niveis seguindo criterios de accesibilidade, proximidade e capacidade que garantan a coordinación entre os distintos niveis e ciclos. Cada titor/a será informado da aula que se asigne ao seu grupo no Claustro de inicio de curso.

#### 6.2.2. Ximnasio

Lugar de recreo dos alumnos e alumnas de Primaria e Secundaria do Centro, espazo no que se desenvolven as sesións de Educación Física, actividades extraescolares de índole deportiva, festivais, etc.

#### 6.2.3. Biblioteca

Espazo de lectura e aprendizaxe no que se atopan todos os libros do Centro. Acolle no seu interior, pero como espazo independente, un estudio de radio e ambos camiñan da man na planificación e desenvolvemento de actividades. Ao tratarse tamén dun espazo multimedia pódense realizar nel outro tipo de actividades como traballos de aula, exposicións, traballos de investigación e mesmo impartir docencia.

Cada clase disporá dunha hora semanal para o servizo de préstamo, acordado entre o responsable da biblioteca e o/a titor/a.

O profesorado de Infantil e Primaria poderán facer uso do espazo como aula multimedia solicitando o seu uso ao encargado con suficiente antelación e anotalo no calendario correspondente.

#### 6.2.4. Laboratorio de Ciencias

Espazo amplo, dotado de recursos e equipamento para a realización das actividades da área de Coñecemento do Medio, Ciencias Naturais, Bioloxía, Xeoloxía e Física e Química.

#### 6.2.5. Salón de actos

Espazo para reunións coas familias, co alumnado, coa ANPA, para actos académicos, institucionais, coma espazo multimedia para impartir clase, realizar exames, visualización de vídeos, actividades audiovisuais, coloquios, mesas redondas, charlas informativas, entre outras.

Calquera docente pode utilizar este espazo previa anotación no calendario correspondente.

#### 6.2.6. Aula de informática

A disposición do alumnado e profesorado para o uso dos medios informáticos dos que dispón.

Establecerase un horario de utilización a principio de curso, de xeito que todos os alumnos e alumnas teñan acceso a esta aula e aos seus recursos coma mínimo unha hora á semana como apoio ás diferentes áreas do currículo ou para a aprendizaxe no uso das TIC e das Novas Tecnoloxías (NNTT). Tamén espazo dedicado para as actividades extraescolares relacionadas coas NNTT.

#### 6.2.7. Utilización de espazos fóra do horario lectivo

O Centro cederá as súas instalacións e espazos, fóra do horario lectivo, para toda actividade cultural, recreativa ou deportiva que redunde en beneficio da Comunidade Escolar, prioritariamente dos alumnos e alumnas.

Calquera Entidade ou Asociación sen ánimo de lucro pode solicitar o uso das instalacións do colexio solicitándoo por escrito á Dirección, indicando os espazos solicitados, datas, finalidade da solicitude e o nome da persoa que realiza a mesma (que será a responsable de garantir un correcto uso dos espazos e materiais, así coma da súa reparación en caso de deterioro).

### **6.3. Modelo de participación**

A Comunidade Educativa está integrada por todos os estamentos que interveñen na vida diario do centro: Entidade Titular, alumnado, profesorado, familias, persoal de administración e servizos e outros colaboradores.

Concibimos a Comunidade Educativa coma unha gran familia movida polo interese común de educar e educarse, próxima, respectuosa, responsable e participativa.

#### 6.3.1. Participación das familias

Os pais, as nais e/ou titores/as legais dos alumnos e alumnas posúen dúas vías de representación e participación na vida escolar do Centro:

- A través dos seus representantes no Consello Escolar (consultar epígrafe anterior).

- A través dos representantes na Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).

De todos xeitos, calquera pai/nai poderá expoñer a súa problemática falando co profesor e/ou titor/a ou coa Dirección do centro.

O obxectivo fundamental da ANPA é o de colaborar co colexio naqueles aspectos que se acorden coa Dirección do mesmo ao comezo de cada curso escolar e redunden na mellora das condicións nas que se desenvolven os procesos de ensinanza-aprendizaxe de todo o alumnado. Poderá presentar propostas para a realización de actividades extraescolares e complementarias e trasladar suxestións para a adaptación do Proxecto Educativo de Centro, a Programación Xeral Anual ou as Normas de Organización e Funcionamento con respecto aos principios e aspectos pedagóxico docentes.

Ademais de promover a participación dos pais e nais do alumnado na vida escolar do Centro, a ANPA tamén colaborará co profesorado e velará pola coherencia das súas actuacións e o Ideario do Centro.

#### 6.3.2. Participación do alumnado

Promoverase a participación do alumnado en todos os ámbitos da actividade escolar tanto no horario lectivo (clases, excursións, actividades complementarias, festivais...) coma no horario extraescolar (actividades extraescolares...)

#### 6.3.3. Participación doutras entidades

En prol da potenciación da interacción entre a Comunidade Educativa e o entorno do centro, para o desenvolvemento da dimensión social da educación, posibilitarase e fomentarse a participación de axentes externos, integrándoos no quefacer diario. Un exemplo desta participación é o Grupo de Acción Social do Centro que colabora coa Asociación Ruliños Terras de Lemos, que dirixe as súas accións a familias de rapaces e rapazas con necesidades especiais de Monforte e arredores.

### **6.4. Plan de convivencia**

O enfoque de convivencia no Centro ten unha visión educativa, construtiva e colaboradora, polo que as situacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados a través da educación en valores coma o respecto, a tolerancia e a igualdade, a participación, as boas canles de comunicación e a prevención dos problemas de conduta.

Preténdese construír un clima axeitado de convivencia no que participen as familias, o profesorado e o alumnado do centro. Para iso, elaboráronse unhas normas de convivencia que deben regular o funcionamento do centro e dos distintos estamentos que integran a comunidade escolar e que son coñecidas por todos.

O Plan de Convivencia do colexio está baseado nos seguintes principios:

- A elaboración do Plan é o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que forman a Comunidade Educativa.
- Non consideramos os aspectos de convivencia só como aspectos organizativos, senón ademais como contidos a desenvolver e parte da formación do alumnado. Tense en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.
- Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón coma un fin educativo a traballar. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo, e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar esas condutas. A finalidade é desenvolver nos alumnos e nas alumnas unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.
- O conflito é algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo, servir como medio de aprendizaxe na procura de solucións democráticas, dialogadas e pacíficas aos conflitos.
- Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo. A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e de conduta.

Os obxectivos xerais do Plan de Convivencia son os seguintes:

- Fomentar o crecemento integral da persoa dende idades temperás.
- Favorecer o desenvolvemento da Comunidade Educativa.

- Lograr un bo ambiente educativo e de relación no Colexio.
- Respetar os dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

## **7. XESTIÓN ECONÓMICA**

### **7.1. Recursos educativos dos que dispón o centro**

O centro dispón anualmente dos ingresos que aporta o concerto educativo das trece unidades que ten activas, ademais do rendemento que proporcionan os servizos que ofrece ao seu alumnado e familias.

### **7.2. Proxecto de xestión económica.**

Da xestión económica do colexio ocúpase a Fundación Educativa a través do seu Padroado, en cuxo seo se atopa a comisión executiva. Esta comisión está integrada pola presidenta, a vicepresidenta e a secretaria da Fundación e constitúe o órgano permanente de administración e xestión da mesma.

### **7.3. Plan de acción para a obtención de recursos**

Para o desenvolvemento das súas actividades a Fundación financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio/actividade (comedor escolar, actividades extraescolares e venda de uniformes e libros de texto), así coma aqueloutros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

O exercicio económico coincidirá co período de tempo comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de agosto do ano seguinte e ademais do Libro de Actas, a Fundación levará necesariamente, un libro Diario e un Libro de Inventarios e Contas Anuais, así como aqueloutros que sexan necesarios para o axeitado desenvolvemento das súas actividades e o adecuado control da súa contabilidade.

O Padroado elaborará e remitirá ao Protectorado de Fundacións de interese galego nos últimos tres meses de cada exercicio, un Plan de Actuación no que se recollan os obxectivos e actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte xunto coa previsión de ingresos e gastos, así como unha memoria explicativa do correspondente plan anual.

## **8.VIXENCIA, MANTEMENTO E AVALIACIÓN DO PEC**

As señas de identidade e os principios que destacamos neste documento, convértense en lemas que argumentan as decisións que se toman constantemente na vida diaria do centro. Polo tanto, resulta fundamental establecer unha serie de pautas de actuación e criterios que posibilitan a vixencia deste documento, a súa lexitimación, e cando sexa necesario, a súa revisión e actualización.

Dende o centro promoveranse as seguintes accións que van orientadas á vixencia e mantemento do PEC:

- Trataranse os contidos do PEC nas reunións coas familias do alumnado.
- Traballarase os contidos do PEC dentro do proceso de acollida a novos profesionais que se incorporan ao centro.
- Destacarase as ideas máis relevantes do PEC e se difundirán en diversos espazos: paneis informativos, páxina web, trípticos, circulares, etc.
- Tamén se dará a coñecer o PEC nos procesos de matriculación.
- Farase referencia ao PEC na elaboración dos plans do centro (Proxecto Curricular de Centro, Plan de Convivencia, etc.).
- Facilitarase a recollida sistemática de suxestións de todos os estamentos educativos.
- Realizar actividades ou levar a cabo accións cada 4, 5 ou 6 anos para que a comunidade educativa analice a súa vinculación ao PEC. Dará a oportunidade de revisalo, poñelo ao día e lexitimalo ante as familias e profesionais de nova incorporación.

Algúns dos indicadores que informarán da necesidade de actualizar o PEC poden ser os seguintes:

- Produciuse un cambio substancial no persoal docente.
- Obsérvanse dificultades na toma de decisións claves por falta de principios orientadores.
- Existe unha masa crítica relevante que expresa a necesidade dunha revisión do documento ou dalgún apartado do mesmo.
- Produciuse un cambio na dirección do centro.
- Precísase decidir proxectos de gran calado que non teñen referencias claras de acordo no PEC.
- Constátase un clima de falta de lexitimación e vinculación coas liñas pedagóxicas e metodolóxicas máis significativas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA  
EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## PROXPROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

